

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

Con Vigo na maleta



CEIP Sobreira – Valadares
Curso 2016-2017

1. INTRODUCCIÓN

Xustificación

Durante os últimos anos a biblioteca escolar da Sobreira, a Leoteca, ven propoñendo diferentes temáticas de investigación para levar a cabo proxectos documentais integrados nos que participa todo o alumnado e profesorado do centro: “As olimpíadas”, “Xulio Verne”..., e no curso pasado, 2015-2016, decidimos centrar a investigación na nosa cidade, Vigo, co fin de estudar a súa historia, monumentos, festas..., baixo o lema “Vivo Vigo con Leo”, coa axuda da nosa mascota Leo León. Así comezou un proxecto que finalmente se prolongou no tempo, xa que en xuño dese mesmo ano decidimos por acordo de claustro que no curso 2016-2017 o tema do proxecto sería a emigración, en especial a que partiu do porto de Vigo no pasado século rumbo a América e por terra a países como Alemaña, Holanda, Suíza, Inglaterra...

Así foi como comezou a nosa viaxe, “Con Vigo na maleta”, na que o principal obxectivo era que o alumnado coñecese as causas que provocaron a emigración do noso pobo e comprendese mellor unha realidade que desgraciadamente volve estar de actualidade no século XXI. Tratábase de facerlles ver que nós tamén fomos emigrantes.

Temporalización

Se nos centramos neste curso, o PDI comezou nos primeiros días de outubro e rematou na primeira semana de xuño cunha exposición conxunta na que chamamos a “Semana Cultural”.

Durante o primeiro trimestre o equipo de biblioteca puxemos en marcha as actividades de “activación” do proxecto e comezamos a recopilar bibliografía e enlaces web relacionados coa temática, con artigos, revistas, páxinas oficiais, documentais, entrevistas..., que posteriormente achegamos ao resto de mestres para facilitarlles a tarefa de documentación.

Durante o segundo trimestre comeza a investigación, decidindo cada titoría en que aspecto da emigración queren centrarse, xa que é un tema moi amplo.

Xa no terceiro trimestre cada grupo centrouse na elaboración dun produto final que formaría parte da exposición conxunta da Semana Cultural no mes de xuño

Xa no terceiro trimestre cada grupo centrouse na elaboración do produto final que formaría parte da exposición da Semana Cultural no mes de xuño.

Alumnado e profesorado participante

Tal e como levamos facendo nos últimos anos, todo o profesorado e todo o alumnado do centro, desde 4º de infantil ata 6º de primaria, participou no proxecto desde diferentes áreas. Tamén é importante mencionar a participación das familias que este anos foi especialmente importante, especialmente se temos en conta que tratamos un tema moi sensible.

Planificación

O principal obxectivo nestes últimos cursos foi converter a biblioteca escolar no eixe vertebrador das actividades do colexio, nun centro de recursos atractivo para contribuir ao fomento da lectura e a adquisición da competencia informacional do noso alumnado. Para conseguilo consideramos que era importante que o profesorado estivera formado nestas dinámicas de traballo por proxectos, de ahí que a finais do curso pasado decidíramos solicitar un PFPP relacionado coa ALFIN. O feito de que o 80% do profesorado participara da formación axudou enormemente. Así, tentamos levar á práctica cos noso alumnos e alumnas o proceso de investigación do proxecto fixándonos no modelo das tres fases que propón Gloria Durban: búsqueda, tratamento e comunicación da información. Para isto, cada titoría contaba cunha hora reservada na Leoteca para poder investigar e consultar a bibliografía seleccionada polo equipo de biblioteca. Aproveitamos as reunións do grupo de traballo para comentar as dificultades atopadas na práctica, deseñar entre todos actividades e tarefas para os diferentes niveis, fixar datas e planificar o calendario de actividades..., e avaliar o propio proxecto.

Desde o principio vimos que o tema era moi amplo así que desde o equipo propuxemos varias aspectos nos que centrarse para acotalo: causas e consecuencias da emigración galega, medios de transporte empregados, países de destino, emigrantes retornados, empresas e escolas fundadas por emigrantes, moedas, bandeiras, gastronomía, folclore, dos diferentes países que nos acolleron, o papel da muller na emigración...

Tamén propuxemos que a elección do produto final fose libre, aimando aos compañeiros a empregar diferentes formatos e soportes: gravacións, maquetas, contos, cómics, murais,...

Competencias clave e estándares de aprendizaxe

No desenvolvemento do proxecto tentamos integrar todas as competencias clave, fomentar o traballo colaborativo e incidir na adquisición da competencia informacional e mediática.

- **Competencia Lingüística (CCL):** esta é unha das competencias que máis se incide xa que o alumnado tivo que facer traballos de lectura, análise, sistese da información, por exemplo na elaboración dos marcapáxinas con forma de placas das rúas. Traballamos a expresión oral na grabación dos programas de radio escolar relacionados coa emigración (varios grupos), nas entrevistas aos avós emigrantes (4º) na elaboración dos “souvenirs” para o quiosco (6º de infantil), na redacción dun correo electrónico para o señor alcalde (6º),...
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** o alumnado traballou o cálculo con máquinas de calcular antigas, fixeron medicións a escala para a realización de maquetas, venderon folletos turísticos e recaudaron fondos que se destinaron a unha obra benéfica...
- **Competencia dixital (CD):** empregáronse os novos ordenadores portátiles da biblioteca (adquiridos cos cartos do PLAMBE), así como a aula de informática, onde quedou situado punto de gravación para os programas de radio escolar co que colaboramos este ano. Deseñamos unhas placas de rúas que incluían un código QR, que aprenderon a insertar os alumnos e alumnas maiores, gravamos un Power Point para a presentación do tema na inauguración da biblioteca; o alumnado de 3º fixo unha gravación para a exposición de fin de curso...
- **Aprender a aprender (CAA):** pensamos que conseguimos facer ó alumnado “consciente da necesidade” de buscar información, provocarlle nel que quixera traballar en equipo, planificar a búsqueda, organizar a información, comunicala aos demais...o que incide especialmente na competencia de aprender a aprender.
- **Competencias sociais e cívicas (CIC):** cremos que a propia temática escollida axuda na adquisición desta competencia, favorecendo a relación cos demais, o pensamento crítico, os valores cívicos...
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** mediante actividades como o quiosco, as entrevistas, a elaboración dos marcapáxinas..., fomentouse o espírito emprendedor e a iniciativa persoal.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):** ao igual que ocorre coas competencias sociais e cívicas, ao ser a emigración o tema do proxecto, facilita o contacto e o coñecemento doutras culturas, fomentando así o respecto polas manifestacións artísticas, por exemplo, dos países que nos acolleron como emigrantes.

En canto aos **criterios e estándares de aprendizaxe**, mencionamos aquí os principais:

- Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial o virtual.
- Recoñecer e diferenciar os recursos informativos disponibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.
- Recoñecer os dereitos de autoría. Acceder á rede e coñecer os recursos disponibles a través de internet.
- Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.
- Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía previamente seleccionados polo profesorado.
- Producir textos escritos seguindo modelos, reelaborando e personalizando a información.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS

“A Emigración”, foi un tema proposto pola biblioteca escolar para concienciar ao noso alumnado coa triste realidade que vemos a diario nos informativos. Por ser un tema bastante duro acordamos que desde as aulas de infantil e primeiro ciclo se tocaría cunha certa prudencia por tratarse de nenos e nenas pequenos. Dentro da propia temática propuxemos unha actividade a maiores da investigación de cada titoría, que foi a investigación de persoeiros “indianos”, retornados que quixeron axudar nas súas cidades e vilas de orixe.

Ademais, quixemos enlazalo co tema do ano anterior, adicando así dous cursos a traballar sobre a nosa cidade. Primeiro foi “Vivo Vigo con Leo” e despois “Con Vigo na maleta”.

3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Na primeira semana de outubro, o equipo de biblioteca comeza colgando nos corredores e nas entradas do colexio uns carteis negros cun interrogante amarelo. Nas semanas seguintes e fomos engadindo pistas nos carteis para provocar a curiosidade dos nenos e nenas:

Un billete de barco antigo, unhas postais de varios países, a foto dunha despedida no porto e a palabra morriña. Paralelamente, no taboleiro da Leoteca, ao carón do cartel preguntamos ao alumnado cal lles parecía que odía ser o tema do proxecto deste ano e pedíamolo e o escribisen nuns “post it”. O día da inauguración da biblioteca proxectamos unha presentación feita polo alumnado de 6º no que se delvelaba o segredo. O tema era “A emigración” e o noso lema deste ano sería “Con Vigo na maleta”.

A partir dese momento, facilitamos ao profesorado a bibliografía e os enlaces web para comezar a traballar a temática nas aulas tanteando primeiro que coñecían os alumnos sobre o tema e pedíndolles que o falaran na casa a ver que lles contaban seus pais.

Así, no segundo trimestre, cada titor decidiu co seu alumnado en que centrarían a súa investigación:

- O grupo de 3 anos traballou sobre o conto de Migueliño de Castelao, facendo como produto final a súa particular versión.
- O grupo de 4 anos fixeron viaxes por Londres, París e Exipto e plasmaron os recordos nun mural.
- O grupo de 5 anos percorreu Europa e elaborou uns murais e “souvenirs” que puxo á venda nun quiosco.
- O grupo de 1º viaxou a Nova York e investigou sobre a cidade e a comunidade de españois que alí viven.
- O grupo de 2º emigrou a Holanda e centrouse no estudo da súa cultura e paisaxe.
- O grupo de 3º emigrou a Alemaña e fixo unha montaxe gravada en vídeo para a exposición da Semana Cultural.
- O grupo de 4º gravou entrevistas que os propios nenos e nenas fixeron aos familiares que se achegaron ata a aula que tiñan a súa historia que contar de cando emigraran.
- O grupo de 5º investigou como era o porto de Vigo a principios do século pasado e os movementos migratorios dos anos 50/60, construíndo como produto final para a exposición a maqueta do transatlántico “Alcántara” e o edificio da estación marítima.
- O grupo de 6º investigou sobre a vida de Ramón Verea, un estradense que emigrou a Cuba en 1833 e inventou unha máquina de calcular pioneira no seu tempo. Fixeron a súa biografía en forma de cómic para a exposición colectiva.

No mes de xaneiro propuxemos como investigación conxunta, estudar a vida dos homes aos que se lles dedicou unha rúa en Vigo, e que foron emigrantes retornados, que decidiron invertir parte da súa fortuna en beneficio dos vigueses e viguesas. Coa información recollida elaboramos uns marcapáxinas con forma de placa de rúa que incluía no reverso un texto informativo redactado polos nenos (en formato Word), e por diante engadimos nunha esquina da placa un código QR con información complementaria: un vídeo, fotos, artigos de prensa...

Con motivo do Día do Libro, regalamos un marcapáxinas plastificado para cada neno e fixemos as placas tamaño grande para completar a exposición final cun ruerio adicado aos “indianos”.

Ademais, durante os meses de xaneiro a maio, gravamos a historia de catro destes persoeiros para a Radio Escolar coa que comezamos a colaborar este ano e que emite desde o Centro Cultural e Veciñas de Valadares.

As placas das rúas levaban o nome de: Policarpo Sanz, Sanjurjo Badía, García Barbón, Martín Echegaray, Tomás Alonso, Enrique Lorenzo, Julian Estévez, Cesáreo González e Pintor Laxeiro.

Aproveitando a información das placas decidimos facer un pequeno xogo co miniarco e deseñamos unha ficha cun exercicio para unir un feito ou afirmación co nome do indiano. Esta ficha é para ter na Leoteca e animar aos nenos a completar o xogo.

A finais de maio, como tarefa da área de Lingua galega, o alumnado de 6º redactou un correo electrónico para invitar ao alcalde de Vigo a visitar a exposición da Semana Cultural. Aos poucos días recibimos a noticia de que visitaría o noso centro o día 5 de xuño ás 12:15 da máñá. Foi un gran día de festa, e os nenos e ennas estaban orgullosos e felices de amosar os seus traballos.

Na Semana Cultural, que celebramos do 12 ao 19 de xuño, fixemos un horario especial de portas abertas para que as familias puidesen tamén disfrutar dos traballos dos seus fillos.

4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O ALUMNADO E PROFESORADO

RECURSOS E FONTES UTILIZADAS

Un ano máis contamos coa colaboración do Instituto de Estudos Vigueses que donaron ao colexio varios volúmenes de interés para o proxecto, e o feito de entrar a formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares axudou á hora de facernos con material bibliográfico ineresante. Todos estes fondos estaban colocados nun estante con rodas que ás veces estaba dentro da biblioteca e outras veces na entrada xunto ao taboleiro do proxecto, según as necesidades do profesorado.

Tamén nos ordenadores da sala de profesores deixamos unha carpeta con enlaces para o proxecto, ademais de ser enviada ao correo do profesorado xunto coas notificacións das tarefas, recordatorios de datas, recomendacións...

Ao longo do curso os alumnos recibiron tamén notas e carteis que chegaban da man de Leo León aos buzóns das aulas invitándolles a investigar, participar, resolver enigmas..., en torno á temática da emigración.

Estes son algúns dos enlaces facilitados para a documentación do proxecto:

<http://emigracion.xunta.gal/es/actualidad/noticia/la-primera-agencia-embarco-emigrantes-puerto-vigo>

DOCUMENTAIS

<http://www.rtve.es/alcarta/videos/cronicas/cronicas-081015-2358/3316758/>

<http://www.rtve.es/alcarta/videos/uned/uned-22102010-not-1/907836/>

“A emigración galega. Cantas lágrimas derramadas”

<https://www.youtube.com/watch?v=C8hIkij92Ms>

“Emigración gallega: mujeres”

<https://www.youtube.com/watch?v=tNtkRZORJ8M>

“Bos Aires, a capital galega da emigración”

<https://www.youtube.com/watch?v=atWULz6B21o>

Galicia y Buenos Aires
(Documento grabado en 1931 y restaurado en 1999)
<https://www.youtube.com/watch?v=Dx2Z1qnDIws>

Galicia emigrante
<https://www.youtube.com/watch?v=j8Wb-qaiBNU>

ENLACE CO LISTADO DE REVISTAS DOS DIFERENTES CENTROS GALEGOS REPARTIDOS POR ESPAÑA E POLO MUNDO

<https://emigracion.xunta.gal/comunidade-ga/revistas>

ARQUIVO DA EMIGRACIÓN DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA

<http://consellodacultura.gal/mediateca/arquivo.php?tipo=2>

http://www.elespanol.com/cultura/20160212/101740115_0.html

<https://es.slideshare.net/plastilina3/ramn-verea-26971012>

<http://www.alpoma.net/tecob/?p=934>

https://es.wikipedia.org/wiki/Ram%C3%B3n_Verea

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/imprimir-detalle.php?id=421>

https://books.google.es/books?id=e41hAgAAQBAJ&pg=PT43&lpg=PT43&dq=una+mujer+con+dos+maridos+verea&source=bl&ots=6b5ldZDwDa&sig=IEUXDgNmTFIQ_fPgBZ6S6S-cDv8&hl=es&sa=X&ved=0ahUKewispNyw3bXSAhUB2BQKHWOqAuUQ6AEIQjAl#v=onepage&q=una%20mujer%20con%20dos%20maridos%20verea&f=false

<http://blogthinkbig.com/ramon-verea-gallego-invento-la-calculadora-moderna/>

<http://www.galiciaunica.es/ramon-verea-garcia-el-inventor-de-la-calculadora/>

<http://www.protectia.eu/ejemplos-patentes/ramon-verea-invento-calculadora/>

<http://matemolivares.blogia.com/2013/080401-ramon-verea-el-gallego-que-invento-la-calculadora..php>

<http://www.uh.edu/engines/epi1297spanish.htm>

http://galicia.swred.com/ramon_verea_a_calculadora.htm

<http://laescaleradeiakob.blogspot.com.es/2012/11/la-calculating-machine-de-ramon-verea.html>

5. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A implicación da comunidade educativa foi total, xa que participaron, como todos os anos, a totalidade dos mestres e mestras e todo o alumnado do centro. Ademais do titores, as mestra de música apoiou o proxecto amosando aos nenos danzas do mundo e desde a área de valores, e filosofía emocional fixéronse talleres reacionados co proxecto. Desde o Equipo de Convivencia organizouse unha charla de “avoas emigrantes”, onde puidemos ver tamén a implicación das familias pois tivemos que dividir ao alumnado en dous grandes grupos polo elevado número de avoas que quixeron participar.

O equipo de TICs colaborou como sempre coa difusión na páxina web de todo o relacionado coas novas do proxecto, a edición dos arquivos de audio que enviamos á radio, colocando os fondos nos escritorios de todos os ordenadores coa imaxe do proxecto,...

Tamén as familias estiveron moi presentes na organización do entroido temático onde desfilaron tiroleses, indianos, mexicanos..., e as mamás representantes da ANPA que de disfrazaron de emigrantes e maletas.

Cabe destacar a visita que fixemos con todo o alumado (dous grupos en dúas mañás) á biblioteca do Centro Cultural de Valadares, cuxa coordinadora forma parte da nosa Comisión de Biblioteca desde o ano pasado, e preparou a visita cunha “Búsqueda do Tesouro” e uns xogos na Ludoteca, ambos centrados na emigración que resultou moi positiva...

6. DIFUSIÓN ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

O principal medio de difusión foi a páxina web, e este ano, por primeira vez, démoslle visibilidade ás nosas actividades a través da Radio Escolar que emite desde o Centro Cultural e Veciñal de Valadares, participando no Informativo dos xoves e no programa mensual no que incluímos un monográfico titulado “A pegada da emigración en Vigo”, coas grabacións feitas polos nenos das biografías dos indianos investigadas a partir das placas das rúas.

Este é o enlace á nosa web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares/>

Nun dos programas incluímos tamén a grabación das entrevistas realizadas polos alumnos de 4º de primaria aos pais e avós que tiñan historias porsoais que contar sobre antepasados emigrantes ou experiencias propias, que creou moita expectación entre as familias.

7. AVALIACIÓN. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS

Para avaliar as actividades do proxecto e a súa evolución ao longo do curso, empregamos principalmente as reunións do grupo de traballo, que coincidían cun xoves o mes, e ás veces dous, para comentar a marcha do proceso de investigación, a conveniencia das actividades propostas, o interese amosado polo alumnado, os comentarios que achegaban as familias,... Tamén nalgunha reunión xeral dos marte aproveitabamos para comentar e rectificar se era preciso as tarefas, as datas, a coordinación das actividades colectivas...

Tamén activamos dúas enquisas na nosa web para o alumnado e as familias que inclúen preguntas sobre o proxecto.

Aínda que sabemos que hai cousas que mellorar, a valoración xeral do proxecto deste ano, cremos que é moi positiva, pois ao observar a participación da comunidade educativa no seu conxunto (profesorado, alumnado, familias, asociación culturais da zona), podemos dicir que resultou un éxito, sobre todo tendo en conta que falamos dun proxecto que realmente se desenvolveu ao longo de dous cursos académicos, e non atopamos dificultade á hora de poñernos de acordo tanto na temática como na proposta de actividades.

A asistencia das familias á exposición da Semana Cultural, a numerosa participación nas actividades, entrevistas, entroido..., dan conta e que realmente todos traballamos da man para levar o proxecto adiante.

Tamén estamos convencidos de que a participación en grupos de traballo no propio centro favorece tanto a formación do profesorado como a convivencia entre compañeiros, o que facilita moito o traballo colaborativo que despois queremos inculcar non noso alumnado.

8. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Como xa comentamos ao longo desta memoria, a Biblioteca Escolar foi o eixe vertebrador da posta en marcha e desenvolvemento do proxecto “Con Vigo na maleta”, desde o principio ata o final: co deseño das actividades, coordinación do profesorado, familias e institucións; elaboración dos carteis, placas, recopilación de enlaces web, adquisición de fondos bibliográficos...

Pero somos conscientes de que sería imposible levalo adiante sen a colaboración, participación e implicación de todo o profesorado, dos diferentes equipos e da dirección do centro, así como do inestimable apoio das familias.

ENLACE Á SECCIÓN QUE A BIBLIOTECA ESCOLAR TEN NA WEB DO CENTRO E NO QUE ESTÁN ALOXADAS AS IMAXES, VÍDEOS E GRAVACIÓNS RELACIONADAS CO PROXECTO “CON VIGO NA MALETA”

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsobreiravaladares/taxonomy/term/74>